

7, 8 e 9 de febreiro de 2019

**BERGMAN - ETT ÄR,
ETT LIV** (BERGMAN, O SEU
GRAN ANO)**Dirección:** Jane Magnusson**Intérpretes:** Ingmar Bergman e Lena Endre**Xénero:** Documental

Suecia, 2018 - 117 min (VOS en castelán)

Formato: Blu-ray

NON RECOMENDADA PARA MENORES DE 7 ANOS

* PREMIOS DO CINE EUROPEO 2018: MEJOR DOCUMENTAL

A mediados do século XX, produciuse un fenómeno único. Un desamado sueco, a piques de cumprir corenta anos, comezou un período de produción cinematográfica sen precedentes. Entre 1957 e 1963, filmou algúns dos máis grandes clásicos da historia do cinema, produciu varias creacións teatrais para as táboas e a radio, e dirixiu seis películas para televisión. No mundo do cinema, Ingmar Bergman é un personaxe único e inimitable.

Terceira abordaxe de Magnusson ao mundo apaixonante e contradictorio do gran Ingmar Bergman, o filme parte dunha premisa moi querida pola historiografía anglosaxoa: atopar un ano clave na carreira de Bergman, para tentar atopar nel as sementes da súa posterior grandeza. E aínda que o propio director pon en crise todo o enfoque, o certo é que foi en 1957 cando o biografiado normalizou unha maneira de traballar que parece incompatible coa vida: estreou dous das súas obras mestras, *O sétimo selo* e *Amorosos salvaxes*, rodou un telefilme e responsabilizouse de catro montaxes teatrais... entre eles, un *Per Gynt* de cinco horas de duración.

Desde aí, Magnusson revisa, con varias intervencións, unha traxectoria singular, pero tamén unha vida escura: a de quen elixiu o cinema para falar da súa torturada personalidade (nazi na súa mocidade, perseguido pola culpa e as doenzas físicas; pero tamén o amo do cinema, o teatro e a televisión suecas). Apaixonante e, ao tempo, crítico; respectuoso e á vez esclarecedor, recoméndase a calquera persoa cinéfila de prol que decida meterse na pel do director máis laureado da Historia do Cinema mundial.

MIRITO TORREIRO (***)

HORARIOS: xoves e venres 20:15 h,
sábados ás 17:15 e 20:15 h

* Pídese puntualidade, unha vez comezada a proxección non se permitirá o acceso á sala.

ENTRADAS: 3,00 €

(Carné xove, +65 anos, ou persoas desempregadas: 2,00 €)

* É imprescindible achegar o documento que acredite o desconto no momento de comprar a entrada

SESIÓNS DO/A ESPECTADOR/A: sábados 17:15 h**PREZO ÚNICO:** 1,50 €**ABONO DE 5 PELÍCULAS:** 12,00 €

VENDA NO DESPACHO DE BILLETES: media hora antes de cada función (só se quedan entradas dispoñibles)

VENDA ANTICIPADA: na conserxaría, de luns a venres de 9.00 a 14.00 e de 16.00 a 20.00 h; sábados de 10.00 a 13.00 h

14, 15 e 16 de febreiro de 2019

THE SQUARE



Dirección: Ruben Östlund

Intérpretes: Claes Bang e Elisabeth Moss

Suecia, 2017 - 151 min (VOS en castelán)

Formato: Blu-ray

NON RECOMENDADA PARA MENORES DE 12 ANOS

* PREMIOS ÓSCAR 2017: NOMEADA A MELLOR PELÍCULA DE FALA NON INGLESA

* FESTIVAL DE CANNES 2017: PALMA DE OURO (MELLOR FILME)

* GLOBOS DE OURO 2017: NOMEADA A MELLOR PELÍCULA DE FALA NON INGLESA

* PREMIOS DO CINE EUROPEO 2017: 6 PREMIOS INCLUÍNDO MELLOR FILME E DIRECTOR

* NATIONAL BOARD OF REVIEW (NBR) 2017: MELLORES FILMES ESTRANXEIROS DO ANO

* CRITICS CHOICE AWARDS 2017: NOMEADA A MELLOR PELÍCULA DE FALA NON INGLESA

* SATELLITE AWARDS 2017: NOMEADA A MELLOR FILME DE FALA NON INGLESA

* BRITISH INDEPENDENT FILM AWARDS (BIFA) 2017: NOM. A MELLOR PEL. INTERNACIONAL INDEP.

* ASOCIACIÓN DE CRÍTICOS DE CHICAGO 2017: MELLOR FILME ESTRANXEIRO

* PREMIOS GOYA 2017: MELLOR FILME EUROPEA

* PREMIOS CÉSAR 2017: NOMEADA A MELLOR FILME ESTRANXEIRO

* PREMIOS DAVID DI DONATELLO 2017: MELLOR FILME DA UNIÓN EUROPEA

* PREMIOS GULDBAGGE (SUECIA) 2017: MELLOR DIRECTOR E MELLOR FOTOGRAFÍA. 6 NOMEAMENTOS.

Christian, xerente dun museo de arte contemporánea, encárgase dunha exhibición titulada *The Square* na que hai unha instalación que fomenta valores humanos e altruistas. Cando contrata unha axencia de relacións públicas para difundir o evento, a publicidade produce malestar no público.

21, 22 e 23 de febreiro de 2019

EVERYTHING WILL BE FINE (TODO SAIRÁ BEN)



Dirección: Wim Wenders

Intérpretes: James Franco e Rachel McAdams

Alemania, 2015 - 119 min (VOS en castelán)

Formato: Blu-ray

NON RECOMENDADA PARA MENORES DE 12 ANOS

* FESTIVAL DE BERLÍN 2015: SECCIÓN OFICIAL LONGAMETRAXES A CONCURSO

* PREMIOS DO CINE ALEMÁN 2015: MELLOR BANDA SONORA

A vida do escritor Tomas Eldan (James Franco) cambia radicalmente o día en que, tras unha acalorada discusión coa súa noiva, atropela un neno. Doce anos despois, non puido esquecer a traxedia e segue sentíndose culpable. Aquel fatídico accidente non só afectou á nai do neno, senón a todas a persoas que rodean a Tomas, incluída a súa noiva.

28 de febreiro, 1 e 2 de marzo de 2019

SEARCHING FOR SUGAR MAN

Dirección: Malik Bendjelloul

Género: Documental

Intérpretes: Sixto Rodríguez

Suecia, 2012 - 86 min (VOS en castelán)

Formato: Blu-ray

APTA PARA TODOS OS PÚBLICOS

* PREMIOS ÓSCAR 2012 : MELLOR DOCUMENTAL

* PREMIOS BAFTA 2012: MELLOR DOCUMENTAL

* PREMIOS GULDBAGGE (SUECIA) 2012: MELLOR DOCUMENTAL. 6 NOMEAMENTOS

* FESTIVAL DE SUNDANCE 2012: PREMIO DO PÚBLICO (MELLOR DOCUMENTAL INTERNACIONAL)

* SATELLITE AWARDS 2012: NOMEADO A MELLOR LONGAMETRAXE DOCUMENTAL

* NATIONAL BOARD OF REVIEW (NBR) 2012: MELLOR DOCUMENTAL

* ASOCIACIÓN DE CRÍTICOS DOS ANXELES 2012: 2ª POSICIÓN PARA MELLOR DOCUMENTAL

* ASOCIACIÓN DE CRÍTICOS DE CHICAGO 2012: NOMEADA A MELLOR DOCUMENTAL

* SINDICATO DE PRODUCTORES (PGA) 2012: MELLOR DOCUMENTAL

* SINDICATO DE DIRECTORES (DGA) 2012: MELLOR DIRECTOR / DOCUMENTAL

* SINDICATO DE GUIONISTAS (WGA) 2012: MELLOR GUIÓN EN DOCUMENTAL

* BRITISH INDEPENDENT FILM AWARDS (BIFA) 2012: NOMEADA A MELLOR FILME INDEPENDENTE INTERNACIONAL

* PREMIOS DO CINE EUROPEO 2013: NOMEADA O PREMIO DO PÚBLICO

A finais dos anos 60, Sixto Rodríguez, un misterioso músico, foi descuberto nun bar de Detroit por dous produtores que quedaron fascinados polas súas melodías conmovedoras e as súas letras proféticas. Gravarón dous discos coa convicción de que o artista se convertería nun dos máis grandes da súa xeración. Con todo, o éxito nunca chegou, e o cantante desapareceu no medio de rumores sobre o seu suicidio nun escenario.

Mentres tanto, un dos discos chegou á Sudáfrica do Apartheid e estendeuse por todo o país en gravacións piratas, que fixo de Rodríguez unha icona da liberdade e da loita contra o sistema. Moito tempo despois, dous fans sudafricanos empeñáronse en pescudar que pasara realmente con Rodríguez e a súa investigación levounos a coñecer unha historia extraordinaria.